

Desenvolveranse os días 13 e 14 de decembro no Auditorio da Biblioteca da Cidade da Cultura de Galicia baixo o lema "Versos pintados no pupitre"

Mañá venres comezan as III Xornadas de Literatura e Ensino da AELG

Redacción - 12/12/2013

www.elespañolglobal.com

Mañá venres comezan as III Xornadas de Literatura e Ensino da AELG

Desenvolveranse os días 13 e 14 de decembro no Auditorio da Biblioteca da Cidade da Cultura de Galicia baixo o lema "Versos pintados no pupitre"

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega continúa esta liña de actividade centrándose nesta edición na necesaria revisión e actualización da transmisión didáctica da poesía no ensino obrigatorio e posobrigatorio, así como na reflexión sobre os criterios de selección e o establecemento de canons literarios orientativos para o ensino da poesía.

Un total de 14 especialistas, docentes e creadores, achegarán aos asistentes os últimos enfoques na didáctica da poesía

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, co apoio da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, leva ao Monte Gaiás a terceira edición das Xornadas de Literatura e Ensino. Será no Auditorio da Biblioteca de Galicia, a partir das 16.30 de mañá venres e durante todo o sábado.

A expresión poética galega goza dun longo percorrido histórico ao tempo que amosa unha actualidade creativa que necesariamente ten que achar o seu punto de acollida e intercomunicación no ensino. A poesía como obxecto de estudo en si propio e/ou como ferramenta para o coñecemento transversal e a formación do individuo entra nas aulas pola porta grande da man das e dos poetas e mais das diferentes canles de mediación que nos colocan ante un escenario de goce poético compartido, proxectado desde o individuo até o



colectivo, e non convencional, senón irrenunciabelmente innovador e imbricado na realidade socializadora próxima ao alumnado.

Vivir a experiencia creadora en primeira persoa. Eis o reto. Poesía dinámica, interactiva. Poesía para sentir, ouvir e ver. Poesía para ler, contar e expresar. Poesía para fascinar e transformar. Poesía para lle perdermos o medo aos versos que están a agardar por nós no pupitre.

As xornadas comezarán coa conferencia inaugural Poesía para xente miúda. Música e xogo de palabras, a cargo de de Xosé M^a Álvarez Cáccamo, profesor de ensino secundario e escritor cunha ampla obra, tamén no xénero infanto-xuvenil. A seguir os escritores Fran Alonso, Antonio García Teijeiro e Elvira Riveiro participarán nunha mesa redonda titulada O Club d@s poetas viv@s.

Outra Mesa redonda, Enredando versos nas aulas, con Montse Penas, Anxos Rial, Romina Bal dará comezo á xornada do sábado, que continuará con tres obradoiros de expresión escrita simultáneos cos suxestivos títulos "Quen teme a poesía feroz?", "Fascinio poético no proceso de creación" e "Versos transformes", a cargo respectivamente das poetas Antía Otero, Dores Tembrás e do escritor Carlos Negro.

Ás 4 da tarde Antonio Reigosa, escritor e especialista en literatura de tradición oral ofrecerá a conferencia E-memoria. Contidos e aproveitamento do arquivo de tradición oral da AELG.

Voces de Rosalía é o título da seguinte mesa redonda que nos achegará ás diversas experiencias creativas baseadas na obra de Rosalía de Castro e desenvolvidas por Uxía (Rosalía pequeniña), Najla Shami (Na lingua que eu falo) e Aid (Rapoemas); estas tres creadoras poñerán o peche ás xornadas cunha mostra destes traballos musicais.